



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Medio Ambiente

Aprobación da modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa de Incendios Forestais do Concello da Coruña (PMPDIF)

ANUNCIO

O Pleno do Concello da Coruña, na sesión ordinaria realizada o día 9 de abril do 2026 aprobou a modificación do *Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña (PMPDIF)* nos termos do ditame da Comisión Informativa do Pleno e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo de Medio Ambiente, de conformidade co art. 88.6 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións pública*.

O texto da modificación aprobouse co voto a favor dos grupos municipais do Partido Popular (11 votos), dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (3 votos). Contabilizouse, así mesmo, a abstención da concelleira Avia Veira González, de acordo co artigo 100.1 do RD 2586/196, de 28 de novembro, *Reglamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais*, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación

A aprobación inicial do plan foi publicada no BOP núm. 242, do 18 de decembro do 2025 e sometida a información pública por un prazo de trinta días. Constatado que non se rexistrou alegación ningunha o Pleno aprobou definitivamente o texto da modificación o 9 de abril do 2026.

O desenvolvemento desta segunda fase do PMPDIF supón que o número de parcelas afectadas pola faixa secundaria de prevención de incendios aumenta de 1192 a 2551, ao incluírse nel todas as referencias catastrais que se atopan nas situacións definidas no artigo 21.1.b) e 21.1.c) da *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*:

“-b) arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros, cámpings, gasoleneiras, parques, e instalacións industriais localizadas a menos de 400 metros do monte;

-c) arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico localizadas a máis de 400 metros do monte)”.

Do mesmo xeito mantéñense no plan as parcelas exentas de aplicación por estar afectas ao disposto na disposición transitoria quinta da Lei 3/2007 ou por ser perimetrais ao solo clasificado como urbanizable cuxo planeamento urbanístico non foi aínda desenvolvido.

A modificación efectuada abrangue o mesmo territorio que o PMPDIF vixente: a totalidade do Concello da Coruña cunha superficie de 37,8 km² e distribuído en cinco parroquias (San Vicens de Elviña, Santa María de Oza , San Cristovo das Viñas, San Pedro de Visma e A Coruña).

A modificación do PMPDIF entrará en vigor coa publicación deste anuncio no BOP

O documento íntegro do Plan está dispoñible para consulta en formato dixital na web www.coruna.gal/medioambiente.

O que se publica para coñecemento xeral e para os efectos oportunos.

A Coruña, 13 de abril de 2026

A xefa do Servizo Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves